UNIDADE 11: A ARTE DO NOSO TEMPO. A UNIVERSALIZACIÓN DA ARTE.

ESQUEMAS

- Presentámosche a continuación unha serie de esquemas-resumo -prestando atención ás cronoloxías, características xerais, obras principais e autores da arte da segunda metade do século XX ata a actualidade:

  1. A arquitectura despois da Segunda Guerra Mundial.
  2. As artes plásticas.
  3. A arte en Galicia na segunda metade do século XX.

1. A ARQUITECTURA DESPOIS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Cronoloxía	Estilo	Características xerais	Obras	Autores
1945-1970	Estilo internacional	Funcionalismo Emprego do formigón armado Planta libre Estrutura sobre pilotes Estrutura de aceiro e cerramentos de vidro	*Unidade de habitación* *Torre Seagram*	Le Corbusier Mies van der Rohe
1945-1970	Organicismo	Uso de materiais naturais (pedra, madeira,...) Integración co contorno Respeto polas premisas funcionalistas do movemento moderno	*Universidade Politécnica de Helsinki* *Museo Guggenheim*	Alvar Aalto F. Lloyd Wright
1945-1970	Monumentalismo	Uso de materiais industriais (formigón, aceiro,...) Serenidade clásica na disposición dos conxuntos arquitectónicos	*Instituto Salk*	Louis Khan
1960-1975	Neorracionalismo	Seguimento dos principios do estilo internacional canto ao uso dos materiais Ausencia de decoración	*Barrio de vivendas en Galaratesse*	Aldo Rossi
1970-1980	Neourbanismo	Reurbanización da Europa de posguerra con respeto ás condicións ecolóxicas, climáticas e ambientais do contorno Incorporación da mazá axardiñada e con espazo público	*Mazá 270 de Berlín*	Kleihues
1970-2010	Arquitectura high-tech	Uso de materiais sintéticos e con técnicas derivadas das industrias de tecnoloxía punta Preocupación polo aforro enerxético	*Centro Pompidou* *Torre Swiss Re*	Renzo Piano e Richard Rogers Norman Foster
1980-2000	Arquitectura posmoderna	Importancia do envoltorio formal Citas de estilos arquitectónicos do pasado Eclecticismo no uso dos materiais	*Rañaceos AT&T de Nova Iorque* *Staatsgalerie de Stuttgart*	Philip Johnson James Stirling

1. A ARQUITECTURA DESPOIS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Cronoloxía	Estilo	Características xerais	Obras	Autores
1990-2010	Deconstrutivismo	Estruturas inestables e impredecibles Diseños por computador Caos controlado Cubertas de titanio Cerramentos de vidro	*Museo Guggenheim de Bilbao* *Biblioteca Central de Seattle*	Frank Gehry Rem Koolhaas
1980-2010	*Grandes figuras individuais, á marxe do estilo*	Admiración polo movemento moderno Uso de superficies ortogonais Recuperación da austeridade tradicional xaponesa fundíndoa coa linguaxe internacional Uso de significados simbólicos con materiais contemporáneos Dotar de dinamismo biomórfico ás construcións, que funden arquitectura e enxeñería	*CGAC de Santiago de Compostela* *Capela sobre a Auga* *Instituto do Mundo Árabe* *Estación de tren do aeroporto de Satolas (Lyon)*	Alvaro Siza Tadao Ando Jean Nouvel Santiago Calatrava

2. AS ARTES PLÁSTICAS

Cronoloxía	Estilo	Características xerais	Obras	Autores
1945-1970	Expresionismo abstracto	*Action painting:* Temática abstracta Formatos monumentais Uso da técnica do chorreo *Coulour-field-painting:* Combinacións cromáticas sutís Certa organización xeométrica	*Number One* *Muller I* *Maxenta, negro, verde e laranxa*	Jackson Pollock Willem de Kooning Mark Rothko
1950-1970	Informalismo europeo	Uso de diversas técnicas (*assemblage, grattage*) Pintura sígnica e xestual, con trazos de primitivismo Uso de materiais diversos (arpilleiras, areas, cal,...) Utilízanse diversas denominacións para este estilo, que van desde a *art autre, art brut, pintura sígnica, tachismo,...*	*Nenos que preguntan* *Homúnculo*	Dubuffet Fautrier Tàpies Karel Appel Manolo Millares
1950-1970	Op-Art ou arte cinética	Busca de efectos ópticos sobre superficies planas Superficies ben acabadas, realizadas con pintura acrílica	*Vega-Nor* *Corrente*	Victor Vassarely Bridget Riley
1955-1965	Transvangarda ou neodadaísmo	Revisión do dadaísmo histórico Superación das divisións entre escultura, pintura e collage Uso de motivos banais Uso do assemblage	*Flag (“Bandeira”)* *Cama*	Yves Klein Pietro Manzoni Jasper Johns R. Rauschenberg
1955-1970	Nova figuración	Técnicas próximas ao informalismo Pintura figurativa na que o ser humano é protagonista, aínda que truncado en anacos Interese pola introspección psicolóxica	*Estudo para o Papa vermello*	Francis Bacon

2. AS ARTES PLÁSTICAS

Cronoloxía	Estilo	Características xerais	Obras	Autores
1955-1975	Pop Art	Influencia dos mass media Reaproveitamento dos produtos da sociedade de consumo Arte figurativa e colorista, que usa tonos planos e grandes formatos Uso da serigrafía	*No coche* *Díptico Marilyn*	Richard Hamilton David Hockney Roy Lichtenstein Andy Warhol
1960-1970	Abstracción pospictórica	Uso de grandes formatos Redución cromática Uso de lenzos de borde recurtado (*shaped canvas*) Predileción por estruturas xeométricas Espacialismo ("lenzos aburatados" e curtados)	*Cherry doce escuro* *Emperatriz da India* *Conceptos espaciais*	Kenneth Noland Frank Stella Lucio Fontana
1960-1970	Minimal Art	Reducionismo absoluto das formas Uso de estruturas repetitivas e en progresión Uso de tubos de neón		Sol Lewitt Donald Judd Dan Flavin
1960-1970	Happening e performance	Montaxes, accións tendentes a crear arte de xeito espontáneo Participación interactiva do espectador na obra de arte Abolición da comercialización da arte	*Como explicar os cadros a unha lebre morta*	Joseph Beuys
1965-1980	Arte povera	Uso de materiais pobres, fáciles de conseguir (madeira, follas, placas de chumbo e cristal,...) Búscase provocar unha reflexión entre o obxecto e a súa forma		Giovanni Anselmo Giuseppe Penone

2. AS ARTES PLÁSTICAS

Cronoloxía	Estilo	Características xerais	Obras	Autores
1965-1975	Arte conceptual	*Arte conceptual "lingüística":* Busca identificar os mecanismos da arte e da linguaxe, é reduccionista e formalista A arte como idea *Land Art*: o espazo natural é soporte da obra de arte, co uso de grandes instalacións *Body Art*: o corpo é soporte da obra de arte	*Unha e tres cadeiras* *Peirao en espiral* *Costa envolta* *Living sculptures*	Joseph Kosuth Robert Smithson Christo e Jeanne-Claude Gilbert & George
1970-2010	Hiperrealismo	Representación da realidade coa exactitude dunha cámara fotográfica Pintura figurativa de acabado xeralmente liso e sumamente minuciosa cos detalles	*Comprando no supermercado* *Reflexos de autobús* *Gran Vía*	Duane Hanson Richard Estes Antonio López
1980-2010	Posmodernidade	Ruptura do vangardismo Convivencia de múltiples tendencias, que inclúen figuración (neoexpresionismo alemán, "nuova maniera") e abstracción (pattern painting) e o graffiti Variedade no campo da escultura, con incorporación de novos materiais sintéticos -xunto aos antigos- e formas preferentemente abstractas		Baselitz P. Halley K. Haring Anish Kapoor Eduardo Chillida

3. A ARTE DA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX EN GALICIA.

	Características xerais	Obras	Autores
Arquitectura	Incorporación dos modelos funcionalistas do movemento moderno Fusión cos materiais intrínsecamente galegos (granito, lousa)	*Casa Domínguez* *Faro de Punta Nariga* *Museo de Belas Artes de A Coruña*	Alejandro de la Sota César Portela Manuel Gallego
Escultura	Utilización de materiais diversos (bronce, aceiro, formigón, granito, madeira policromada) Convivencia de linguaxes variadas, de inspiración internacional: *Nova figuración* *Abstracción* *Figuración expresionista*		Acisclo Manzano Manolo Paz Francisco Leiro
Pintura	Diversidade de tendencias, tamén adaptadas ao panorama internacional: *Xestualismo figurativo* *Abstracción* *Op-Art* *Neoexpresionismo* *Hiperrealismo*	*A chambra branca*	Laxeiro Luis Seoane Mampaso Labra Caruncho Antón Patiño Menchu Lamas Roberto González